Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 4

Tema 07

O soldadiño de chumbo

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Orientacións didácticas

■ Esta unidade propón a lectura dun texto narrativo con diálogo clásico de Andersen: O soldadiño de chumbo.

Antes de responder as preguntas de comprensión das páxinas seguintes, os alumnos realizarán estas actividades:

- Dirán como cren que xogarían persoalmente cun soldadiño de chumbo e se teñen algún.
- Responderán de que material cren que están feitos diferentes xoguetes actuais como soldadiños, bonecos, osos de peluche, etc.
- Lerán a lectura e marcarán nela as palabras que non comprendan. Ademais, poden usar como axuda as palabras que se dan no glosario da páxina dereita.

Para acabar, cada neno lerá o texto en silencio.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Resposta pesoal. A modo de exemplo: se só teño un soldadiño de chumbo, podo facelo andar por diferentes lugares e inventar o que lle ocorre. Se teño varios soldadiños de chumbo podo simular un enfrontamento con outros soldadiños diferentes.

– Respostas persoais. A modo de exemplo: un soldadiño hoxe en día seguramente estea feito de plástico, pero tamén podería estar feito de madeira; un boneco pode estar feito de tea, de plástico...; un oso de peluche está feito de tea que está chea dun material chamado porexpán.

1. Resposta persoal.

2. Resposta persoal. A modo de exemplo: o soldadiño di que "se estivese ao meu carón a fermosa bailarina non me importaría nada estar aquí" porque expresa un sentimento que é o amor. Cando estamos coa persoa amada ou cun amigo, por exemplo, unha situación dramática ou mala sopórtase mellor que se estamos sós nese momento.

7 O soldadiño de chumbo

Antes de ler

- **Como xogarías ti con soldadiños de chumbo? Tes algún?**
- **Con que materiais se constrúen na actualidade os soldadiños, os bonecos, os osos de peluche, etc.?**

Había unha vez vinte e cinco soldados de chumbo azul e vermello e un fusil ao ombro, que vivían nunha caixa de madeira moi aburridos. Un día, de súpeto, oíron unha voz que dicía:

–Que ben! Soldadiños de chumbo!

Era a voz de Carlos, que recibira os soldados como agasallo de Nadal.[1] Sacounos da caixa axiña. Todos eran exactamente iguais menos un que, aínda que só tiña unha perna, se mantiña firme como todos os demais.

1 Que quererías ti coma agasallo de Nadal?

Ao seu carón había outros agasallos, pero o soldado de chumbo fixouse nunha bailarina que levantaba con graza un pé para dar a entender que estaba bailando.

"Tamén lle falta unha perna, coma min. É a muller que me convén –pensou o soldadiño de chumbo–. Quéroa coñecer, é tan fermosa...".

O soldadiño estaba detrás dunha caixa-sorpresa desde onde **contemplaba** a bailarina. Ao chegar a noite, Carlos gardou todos os soldadiños, agás el porque non o viu. E aproveitando que toda a familia durmía, os xoguetes comezaron a divertirse.

Da caixa-sorpresa saíu un boneco verde:

–Soldadiño de chumbo, por que en lugar de mirar a bailarina non miras o tipo que tes? –díxolle ao ver que a miraba.



Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente con corrección.	Expor oralmente a resposta a preguntas previas á lectura. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición de léxico a través da lectura dun texto narrativo e do glosario que acompañan a lectura. *Lectura.*
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa.	Participar nunha conversa na clase sobre como xogaría cun soldadiño de chumbo respectando as quendas de palabra e as opinións do resto dos compañeiros e compañeiras. *Antes de ler.*
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo sobre que xoguetes lle gustaría recibir como agasallo no Nadal respectando as normas sociocomunicativas. Preguntas 1 e 2 da Lectura.

[] Valid. 25/02/2017

Pero o soldadiño non fixo caso e seguiu a mirar a bailarina.

O día seguinte, Carlos puxo o soldadiño na ventá. Non se sabe ben se polo vento ou porque o boneco da caixa-sorpresa pechou a ventá, o soldadiño caeu á rúa.

–Mira, un soldado de chumbo –dixo un neno na rúa.

–Farémolo navegar –dixo o seu amigo–. Meterémolo nunha barca.

E dito isto, fixeron un barquiño de papel no que meteron o soldado. Despois empurraron o barco, e o soldadiño afastouse polas augas dun arroio formado pola chuvia.

"Meu Deus! Onde irei parar? –pensaba o soldadiño–. Estou seguro de que se estivese ao meu carón a fermosa bailarina non me importaría nada estar aquí[2]."

O barco estaba a piques de afundir, porque era de papel. Mentres a cabeza do soldadiño se cubría de auga, el pensaba que sería o seu final e só se lembraba da bela bailarina. Pensou que a perdera para sempre. Foise afundindo a modiño, ata o fondo do mar. Alí tragouno un gran peixe que pasaba nese intre.

Durante un longo tempo, non sabía onde estaba e aínda tiña a esperanza de que alguén pescase o peixe e o rescatasen. Estaba durmido cando, de súpeto, oíu unha voz que lle resultou familiar:

–Mirade quen está aí! É o meu soldadiño de chumbo!

Era a voz de Carlos. O soldadiño non o podía crer. Como puido chegar ata alí? A cociñeira de Carlos comprara o peixe a un pescador que estivera pescando no arroio.

Deseguida o soldado decatouse de que estaban todos os seus amigos e a súa querida bailarina. A súa **fortuna** non durou moitos días. Un **refacho** de vento fixo caer de novo o valente soldado. Esta vez caeu na cheminea, e sen saber como, mentres se derretía, viu ao seu carón a súa boa amiga, que caera con el.

Non se coñeceu nada máis do soldado e da bailarina. Ao limpar a cheminea á mañá seguinte, atopouse un corazón de chumbo e unha rosa de abelorios. Era o sinal de amor e de amizade que quedara entre o soldado e a bailarina.

Adaptación do conto de Hans Christian ANDERSEN.

contemplar: mirar fixamente algo.

fortuna: boa sorte.

refacho: golpe de vento producido por un cambio na súa dirección.

2 Por que o soldadiño di esta afirmación?

Actividades de reforzo

1. Para comprobar que o alumnado comprendeu o contido do texto, podemos facerlles as seguintes preguntas:

– *Cantos soldadiños de chumbo aparecen en total na lectura, aínda que o protagonista é un só?*

– *Que cousas lle van pasando ao soldadiño de chumbo?*

– *Que sente o soldadiño pola bailarina?*

– *Que teñen en común o soldadiño e a bailarina?*

Solución:

– Respostas persoais.

Actividades de ampliación

1. Para ampliar os coñecementos sobre o material do que está feito o soldadiño, pedirémoslle ao alumnado que en grupos busquen información na Internet sobre o uso do chumbo para facer estes xoguetes e por que se deixou de empregar.

Logo cada grupo exporá diante do resto da clase o que descubrira.

Solución:

– Actividade en grupo.

Educamos en valores

■ A lectura fala dun soldadiño de chumbo que é diferente aos demais porque lle falta unha perna e que se enamora dunha bailarina que cre que tamén ten só unha perna porque ten a outra dobrada.

Aproveitaremos para tratar co alumnado o tema da non discriminación das persoas que teñen algún tipo de discapacidade física ou algún tipo de enfermidade.

Para isto podemos facerlle preguntas do estilo:

– *Gustaríache que se meteran contigo como o boneco verde co soldadiño se che faltara unha perna?*

– *Algunha vez riches dalgunha persoa que tivera algún problema físico? Arrepentícheste logo de telo feito? Por que?*

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/737663 - Neste enlace podemos ver unhas imaxes de Martín de la Puente, xogador vigués en cadeira de rodas que ten unha traxectoria extraordinaria e que é un exemplo de superación.

Pedirémoslle ao alumnado que por grupos busque información sobre a súa carreira e que fagan unha pequena exposición coa que atopen, ademais de dar a súa opinión sobre as dificultades que puido ter para poder xogar ao tenis.

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

- A través das actividades que se propoñen no apartado *Ler e comprender* traballaremos os seguintes contidos:

- Comprensión das ideas principais e do contido do texto.
- Creación dun diálogo entre os personaxes do texto.
- Análise dos sentimentos dos personaxes do texto.
- Recoñecemento das partes do texto.
- Realización dun barquiño de papel como o que aparece na lectura.

- No apartado *Gramática* traballaremos os seguintes contidos:

- Estudo dos determinantes posesivos sobre os que se realizarán posteriormente actividades na dobre páxina seguinte.

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. As respostas son as seguintes:

– *Por que era diferente o soldadiño de chumbo?*

O soldadiño de chumbo protagonista do texto era diferente dos demais porque lle faltaba unha perna, aínda que se mantiña igualmente firme como os demais.

– *Como era o uniforme que levaba o soldadiño de chumbo?*

Os soldadiños levan un uniforme azul e vermello e un fusil ao ombro.

– *Por que caeu o soldadiño pola ventá?*

Non se sabe se caeu polo vento ou porque o boneco da caixa-sorpresa pechou a ventá, pero en todo caso caeu á rúa.

– *Cal foi a preocupación do soldadiño cando caeu?*

O soldadiño estaba preocupado por onde iría parar e, sobre todo, porque estaba só e a bailarina non estaba con el.

– *Cando e como apareceu de novo o soldadiño?*

O soldadiño volve aparecer despois de navegar e ser tragado por un

Ler e comprender

Aprenderás a identificar as accións dos personaxes dunha narración.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas:

– Por que era diferente o soldadiño de chumbo?
– Como era o uniforme que levaba o soldadiño de chumbo?
– Por que caeu o soldadiño pola ventá?
– Cal foi a preocupación do soldadiño cando caeu?
– Cando e como apareceu de novo o soldadiño?
– Cando o soldadiño estaba na cheminea, a quen miraba?

2 Imaxina un pequeno diálogo entre a bailarina e o soldadiño cando se coñeceron e escríbeo no teu caderno.

3 Escribe no teu caderno se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). Corrixe as que sexan falsas:

– Os soldados levaban un pau nos ombros.
– O soldadiño miraba a bailarina desde a ventá.
– O soldadiño cubriuse de auga cando ía no barco.
– O soldadiño pensou que nunca perdería a bailarina.
– O soldadiño caeu na cheminea xunto á bailarina.

4 Compara os sentimentos dos diferentes personaxes que aparecen na lectura e a súa forma de actuar. Todos os personaxes actúan de xeito correcto? Por que?

5 Escribe no teu caderno as partes do conto da lectura:

Cando, a quen e onde ocorreu? | Que ocorreu? | Que sucedeu ao final?

6 Escribe outro final para a historia do *Soldadiño de chumbo*.

7 Explica por que ao final da historia se atopa entre as cinzas un corazón de chumbo e unha rosa de abelorios.

8 Como conseguiu navegar o soldadiño de chumbo? Tenta facelo ti:



82 Tema 7

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Desenvolver a habilidade e a comprensión lectora. Expresarse oralmente con corrección coidando a dicción e a entoación. Expresarse por escrito con limpeza e corrección.	Traballar a comprensión do relato respondendo cuestións. *Ler e comprender*. Expor oralmente as respostas sobre o contido do texto coidando en todo momento a entoación e a dicción. Act. 1. Escribir diversos textos con limpeza e corrección. Acts. 6, 7.
Sociais e cívicas	Comprender e respectar os sentimentos que poden sentir as persoas en determinadas situacións.	Comprender os sentimentos dos personaxes da lectura e expolo coas súas propias palabras de forma respectuosa e comprensiva. Act. 4.
Aprender a aprender	Aplicar o coñecemento adquirido para resolver actividades posteriormente.	Imaxinar un diálogo posible entre os protagonistas do texto que acaba de ler e escribilo no seu caderno. Act. 2. Empregar o coñecemento previo para clasificar as partes dun texto narrativo. Act. 5.

[] Valid. 25/02/2017

Gramática

Aprenderás o que son os determinantes posesivos.

Os determinantes posesivos

Le atentamente o seguinte texto:

Ana é a miña mellor amiga. A súa casa está moi preto da nosa escola, por iso ás veces quedo a xogar despois do colexio.

Hoxe pola mañá, como era sábado, quedamos para xogar no parque e ir coas nosas bicicletas, aínda que nun intre Ana dixo:

–Vamos xogar coas bólas do meu irmán.

Como puideches observar, todas as palabras subliñadas no texto anterior explícannos a que persoa ou persoas pertence un obxecto ou un ser.

Os **determinantes posesivos** son palabras que acompañan o nome e indican a quen pertence algo.

As formas dos determinantes posesivos son:

- Para un **só posuidor** (cando pertence a un só):

	un só posuidor	
	singular	plural
masculino	meu, teu, seu	meus, teus, seus
feminino	miña, túa, súa	miñas, túas, súas

- Para **varios posuidores** (cando pertence a varios):

	varios posuidores	
	singular	plural
masculino	noso, voso, seu	nosos, vosos, seus
feminino	nosa, vosa, súa	nosas, vosas, súas

Fíxate que os determinantes posesivos concordan en xénero e número coa cousa posuída, isto é, teñen o mesmo xénero e número que o nome ao que acompañan:

O meu pai é enxeñeiro.

A miña amiga é farmacéutica.

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/729264 - Neste enlace atoparemos máis exercicios para practicar os determinantes posesivos.

Pedirémoslle ao alumnado que resolva as actividades, que son autocorrectivas, polo tanto poden autoaxudarse se teñen algunha dúbida.

A continuación, se hai algún posesivo que dea máis problemas, podemos profundar en grupo sobre el.

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

peixe, que colle un pescador e que acaba de novo na casa de Carlos.

– *Cando o soldadiño estaba na cheminea, a quen miraba?*

Cando o soldadiño está na cheminea mira a bailarina que está ao seu carón.

2. Resposta persoal.

3. As respostas son:

– Os soldados levaban un pau nos ombros. (F). Os soldados levan un fusil.

– O soldadiño miraba a bailarina desde a ventá. (V)

– O soldadiño cubriuse de auga cando día no barco. (V).

– O soldadiño pensou que nun perdería a bailarina (F). Pensou que non a volvería ver.

– O soldadiño caeu na cheminea xunto á bailarina. (V).

4. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– Teñen bos sentimentos: o soldadiño e a bailarina que senten amor e amizade; Carlos, que lle ten cariño aos seus xoguetes.

– Teñen malos sentimentos: o resto dos xoguetes que se burlan do soldadiño por amar a bailarina, porque cren que non a merece.

5. As partes do texto son:

– Hai moito tempo, na casa dun rapaz chamado Carlos, a un soldadiño de chumbo faltáballe unha perna.

– O soldadiño enamórase dunha bailarina, pero búrlanse del, cae pola xanela e trágao un peixe .

– Ao final o soldadiño volve á casa e fúndese no lume coa bailarina.

6. Resposta persoal.

7. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– O corazón simboliza o amor e a amizade que había entre o soldadiño e a bailarina.

8. A resposta é:

– O soldadiño navegou cun barquiño de papel.

– A realización do barquiño é unha actividade persoal.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina seguiremos traballando o apartado de *Gramática* e os determinantes posesivos:

- Definirán determinantes posesivos e farán oracións con eles.
- Escribirán o determinante posesivo correspondente a oracións.
- Formarán novas oracións modificando por posesivos.
- Completarán un texto con determinantes posesivos.

- No apartado *Ortografía* traballaremos o uso correcto dos grupos –mp- e –mb-:

- Clasificarán palabras segundo se escriban con –mp- ou –mb-.
- Completarán palabras con –mp- ou –mb-.
- Completarán oracións con palabras que levan–mp- e –mb-.
- Completarán palabras con m / n.

Solucións das actividades

Gramática

9. A clasificación é a seguinte. As oracións danse a modo de exemplo:

– nosos: masculino plural, varios posuidores: *Os nosos xoguetes son moi bonitos.*

– vosa: feminino, singular, varios posuidores: *A vosa nai está moi contenta.*

– teu: masculino, singular, un posuidor: *O teu irmán saíu hoxe.*

– meu: masculino, singular, un posuidor: *O meu pai é moreno.*

– túa: feminino, singular, un posuidor: *A túa avoa visitoume hoxe.*

– vosos: masculino, plural, varios posuidores: *Os vosos profesores son simpáticos.*

– seus: masculino, plural, un ou varios posuidores: *Os seus cadernos están impecables.*

– miñas: feminino, plural, un posuidor: *As miñas curmás están no parque.*

– súa: feminino, singular, un posuidor: *A súa gata é negra.*

10. As oracións co determinante posesivos quedan do seguinte xeito:

– O balón é meu.

Gramática

9 Explica de que determinante posesivo se trata e escribe unha oración con el. Sigue o exemplo:

seu → determinante posesivo, masculino, singular. Pode ser dun só posuidor ou de varios: *O neno xoga cos seus xoguetes.*

- nosos
- vosa
- teu
- meu
- túa
- vosos
- seus
- miñas
- súa

10 Escribe os determinantes posesivos que correspondan. Faino no teu caderno:

O meu avó regaloume un balón. → O balón é … .

Pedro ten un gato siamés. → O … gato é siamés.

Álvaro e Olalla levan disfraces. → Os … disfraces.

A irmá de miña nai é moi nova. → … irmá é moi nova.

11 Escribe de novo no teu caderno as seguintes oracións utilizado un determinante posesivo:

– Ti tes un tío que vive en África.
– O can que adoptei o ano pasado ten o pelo rizo.
– Os pasteis de Daniel e Inés son moi bos.
– Os mecánicos arranxarán o coche de María.
– O libro que mercamos ti e mais eu está esgotado.
– Ti e Vítor tedes un humor moi especial.
– Os amigos dos meus irmáns veñen de visita polo seu aniversario.

12 Copia o texto seguiente no teu caderno e complétao con determinantes posesivos:

Eu teño un gatiño mouro e fero. O … gato, a rentes das … orellas picudas, ten como un esvaírse do pelo que lle fai "dúas" entradas. E cando a … muller o colleu, fitou para ela cos … dous grandísimos ollos, que mesmamente semellaban dicirlle:

"E como te atopas, boneca?"

Miguel VÁZQUEZ FREIRE: *O Gato Bógar* (adaptación). Vigo, Ed. Xerais, 1989.

84 Tema 7

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Coñecer os tipos de palabras que existen.	Comprender o concepto de determinantes posesivos e definilos con corrección. Act. 9. Substituír grupos nominais por determinantes posesivos. Act. 10.
APRENDER A APRENDER	Interiorizar os coñecementos e aplicalos correctamente na resolución das actividades.	Aplicar o coñecemento adquirido sobre os determinantes posesivos para completar un texto correctamente. Act. 12.
DIXITAL	Localizar recursos na rede e empregalos de forma correcta e efectiva.	Localizar un recurso na rede para afianzar o coñecemento sobre os posesivos. *Explorador@dixital*.
LINGÜÍSTICA	Coñecer as normas ortográficas e aplicalas con corrección.	Diferenciar os grupos consonánticos –mp- e –mb-. Act. 13. Completar palabras cos grupos consonánticos –mp- e –mb- e palabras con m ou n de forma correcta. Acts. 14 e 16.

[] Valid. 25/02/2017

Ortografía

Aprenderás a escribir correctamente palabras con **-mp-** ou **-mb-**.

Ortografía de -mp- ou -mb-

Le o texto e fíxate nas palabras subliñadas:

Polo meu aniversario convido os meus compañeiros a merendar. Comemos empanada, bombóns e lambetadas. Logo xogamos no campo á sombra dunha maceira.

Diante das letras **p** e **b** escríbese sempre **m**.

13 Clasifica as palabras subliñadas no texto anterior segundo se escriban con **-mb-** ou **-mp-**. Cal se escribe distinto?

14 Completa as seguintes palabras com **-mb-** ou **-mp-** no teu caderno:

- po…a
- e…igo
- le…ranza
- li…eza
- ca…aíña
- vi…io
- co…ra
- ba…án
- o…reiro
- cha…ra
- i…orte
- lo…o

15 Elixe a palabra axeitada e escríbea na oración que corresponda. Faino no teu caderno:

- emprego
- cambio
- ampola
- lámpada
- embalaxe
- bombonas
- impo
- bombeiros

– Teño unha … no dedo pequeno do pé.
– A … protexe os obxectos que se han de transportar.
– Non hai luz. Acende a …, por favor.
– Antía comeu moi rápido e deulle o … .
– A sirena dos … espertoume pola noite.
– As … de gas pesan moito.
– Melloramos moito co … de casa.
– Xoán acabou os seus estudos e xa ten … .

16 Completa as palabras no teu caderno con **m** ou con **n**:

- Ca…bados
- ca…pioa
- ca…so
- mo…taña
- a…tes
- ca…ta…te
- co…to
- a…tigüidade
- se…pre

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/41791 - Neste enlace poderemos seguir practicando de forma lúdica e divertida os grupos consonánticos mp e mb.

Pedirémoslle ao alumnado que por parellas vaian resolvendo as diferentes actividades que se nos ofrecen. Se teñen algunha dúbida, porémola en común para aproveitar por se algún outro alumno ou alumna ten a mesma dúbida.

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– O seu gato é siamés.
– Os seus disfraces.
– Súa irmá é moi nova.

11. As oracións quedan do seguinte xeito:

– O teu tío vive en África.
– O meu can ten o pelo rizo.
– Os seus pasteis son moi bos.
– Os mecánicos arranxar´n o seu coche.
– O noso libro está esgotado.
– O voso humor é moi especial.
– Os seus amigos veñen de visita polo seu aniversario.

12. O texto completo queda así:

– Eu teño un gatiño mouro e fero. O meu gato, a rentes das súas orellas picudas, ten como un esvaírse do pelo que lle fai "dúas" entradas. E cando a miña muller o colleu, fitou para ela cos seus dous grandísimos ollos, que mesmamente semellaban dicirlle: "E como te atopas, boneca?"

Ortografía

13. A clasificación queda así:

– Levan mp: compañeiros, empanada, campo.
– Levan mb: bombóns, lambetadas, sombra.

14. As palabras quedan do seguinte xeito:

– Pomba, embigo, lembranza, limpeza, campaíña, vimbio, compra, bambán, ombreiro, chambra, importe, lombo.

15. As oracións completas quedan así:

– Teño unha **ampola** no dedo...
– A **embalaxe** protexe os...
– Non hai luz. Acende a **lámpada**....
– Antía comeu moi... o **impo**.
– A sirena dos **bombeiros**....
– As **bombonas** de gas pesan...
– Melloramos moito co **cambio** de...
– Xoán acabou os seus estudos e xa ten **emprego**.

16. As palabras quedan do seguinte xeito:

– Cambados, campioa, canso, montaña, antes, cantante, conto, antigüidade, sempre.

Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Vocabulario* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprendizaxe do concepto e uso correcto dos estranxeirismo.
- Substitución de estranxeirismos por palabras galegas.
- Procura do equivalente en galego de estranxeirismos.

■ No apartado *Escoitar e falar* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprender a contar un conto.
- Comprensión oral dun texto e resposta a preguntas sobre o seu contido.
- Exposición oral dun conto ante o resto da clase.

Solucións das actividades

Vocabulario

17. Escribimos as oracións co estranxeirismo axeitado e ao seu carón escribimos a palabra galega:

– O show/espectáculo comeza nun intre.

– Houbo un accidente na carreira e tivo que saír o safety car/coche de seguridade.

– Tocou a pelota o porteiro do equipo contrario. É córner/saque de banda.

– O piloto parou no boxes/ taller para repostar gasolina.

– Marcaron un gol pero o xogador estaban en outside/fóra de xogo

18. As palabras en galego son as seguintes:

– e-reader: lector de libros electrónicos.

– e-learning:: espazo de aprendizaxe virtual.

– e-mail:: correo electrónico.

– e-book: libro electrónico.

19. As palabras equivalentes en galego son:

– *baseball:* béisbol.

– *penalty:* penati.

Vocabulario

Aprenderás o que son os estranxeirismos e algúns exemplos.

Estranxeirismos

Os **estranxeirismos** son palabras ou frases estranxeiras que adoptamos na nosa lingua.

Os estranxeirismos pódense incorporar á lingua de dúas maneiras:

- Mantendo a súa forma e pronuncia orixinais: *pizza, ballet*
- Adaptándose á lingua que o adopta: *béisbol, xampú.*

Ás veces, na escrita, podes atopar estranxeirismos que manteñen a súa forma e pronuncia orixinais. Neste caso, o estranxeirismo vai escrito en cursiva ou entre comiñas.

17 Copia as oracións e substitúe os seguintes estranxeirismos por palabras en galego:

- safety car • córner • show • outside • boxes

– O … circense comeza nun intre.
– Houbo un accidente na carreira e tivo que saír o … .
– Tocou a pelota o porteiro do equipo contrario. É …!
– O piloto parou no … para repostar gasolina.
– Marcaron un gol pero o xogador estaba en … .

18 Escribe no teu caderno cal é a palabra equivalente en galego dos seguintes estranxeirismos:

- e-reader • e-learning • e-mail • e-book

19 As seguintes palabras xa están adaptadas ao galego. Escribe no teu caderno o equivalente na nosa lingua:

• baseball	• ping-pong	• boycott
• penalty	• pivot	• look
• derby	• mountain bike	• film
• spam	• handicap	• tour

20 Escribe oracións no teu caderno nas que empregues as palabras anteriores adaptadas ao galego.

21 Lembra máis estranxeirismos que non saísen nestas páxinas e escríbeos no teu caderno. A continuación, di se existe en galego unha palabra equivalente.

86 Tema 7

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	23	Imaxinar de que lle gustaría disfrazarse e buscar elementos para contar posteriormente un conto con todos os elementos correctos.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Comprencer estratexias que interioriza para resolver actividades posteriormente con este método. Descodificar a linguaxe oral de forma correcta.	Comprender a importancia de estruturar correctamente os elementos dun conto para que sexa comprensible e interesante. Act. 24. Comrpender un texto oral e responder preguntas sobre o seu contido con corrección e coidado na dicción e entoación. Act. 22.
Lingüística	Coñecer estranxeirismos e as súas equivalencias na lingua propia.	Empregar correctamente estranxeirismos para completar oracións e buscar a forma equivalente en galego. Act. 17. Buscar as formas galegas correspondentes cunha serie de estranxeirismos. Act. 19.

[] Valid. 25/02/2017

Escoitar e falar

Aprenderás a contar un conto.

Contar un conto

Un **conto** é unha historia extraordinaria, fantástica, que explica o que lles sucede a uns personaxes.

Cando contes un conto emprega o ton de voz axeitado e xesticula coas túas mans. Tamén podes facer que participen no teu relato as persoas que o están escoitando.

22 Escoita o audio e responde as preguntas que tes a continuación:

- Quen é o narrador?
- A quen se dirixe?
- Que fórmula usa para empezar o conto?
- Cando, a quen e onde sucede?
- Que lle sucede?
- Que fórmula usa para rematar o conto?

23 Pensade de que vos gustaría disfrazarvos: do protagonista dun conto, dunha personaxe inventada, dun obxecto… A continuación, contade un conto no que aparezan esas personaxes:

- Que elementos do debuxo empregariades para disfrazarvos?
- Que elementos credes que faltan?
- Con que materiais poderías facer o teu disfrace?
- Explicade cal sería o voso disfrace e como quedaría.

24 Imaxina que un dos seguintes personaxes aparece noutro conto. Que acontecería entón na historia? Comentádeo por parellas:

- *derby:* derbi.
- *Spam:* correo lixo
- *Ping-pong:* pimpón.
- *pivot:* pivote.
- *Mountain bike:* bicicleta de montaña.
- *Handicap:* hándicap.
- *Boycott:* boicote
- *Look:* estilo
- *Film* filme
- *Tour:* volta

20. Resposta persoal. A modo de exemplo:

- No partido gañaron finalmente grazas ao penalti.
- Chégame moito correo lixo diariamente.
- Teño unha bicicleta de montaña nova desde onte.

21. Resposta persoal.

Escoitar e falar

22. Resposta persoal.

23. Actividade persoal.

24. Actividade persoal.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/737664 - Neste enlace seguiremos traballando os estranxeirismo. Para isto.

Leremos o texto de Sechu Sende que se nos propón e logo descargaremos a folla de exercicios que está nun documento de word e resolverana en parellas. Cando acaben, poremos os resultados en común e resolveremos as dúbidas que poida haber.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente, corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Escribir* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprendizaxe de como se escribe un conto.
- Redacción dos problemas que pode ter unha nena por ser invisible.
- Redacción de diversos contos e textos escritos.

■ No apartado *O trasno das palabras* traballaremos os seguintes contidos:

- Resolución dun encrucillado con personaxes de contos.
- Formación de palabras con sílabas.
- Eficacia lectora con palabras cunha liña que as corta.
- Valoración da literatura como medio de coñecemento e recurso de lecer persoal.

Solucións das actividades

Escribir

25. Actividade persoal. A modo de exemplo:

– A nena invisible pode ter problemas para lavar os dentes na casa, dado que non se ve a súa cara nin a súa boca.

– No colexio pode ter problemas porque ao falar con ela non se sabe para onde mira, o que resulta desconcertante para as persoas que se dirixe a ela.

– Nunha festa pode ter problemas porque non se sabe onde queda a súa man para collerlla e poder bailar.

26. Resposta persoal.

27. Resposta persoal.

28. Resposta persoal.

O trasno das palabras

1. As solucións do encrucillado son as seguintes:

1. Gretel.
2. Polgariño

Escribir

Aprenderás a escribir un conto.

Escribir un conto

Cando escribas un conto, o primeiro que tes que facer é imaxinar un feito extraordinario, e, a continuación, debes seguir estes pasos:

- Cando, a quen e onde ocorreu?
- Que ocorreu?
- Que sucedeu ao final?

Non esquezas as características dos contos:

- Utilizan fórmulas específicas para comezar e rematar.
- Os protagonistas poden ser personaxes fantásticos ou personaxes reais aos que lles suceden cousas incribles.
- Todos os contos levan un título.

Para saber máis

Fórmulas para comezar:

Érase unha vez...
Hai moitos anos...
Había unha vez...
Érase que se era...
Contan e non paran de contar...

Fórmulas para rematar:

Foron felices...
E conto contado...
E colorín colorado este conto...

25 Escribe os problemas que pode ter esta nena ao descubrir que é invisible e as solucións que podes dar. Imaxínaa en diferentes situacións:

na casa | no colexio | nunha festa

Lembra

Nos contos pode haber diálogo entre os personaxes.

26 Pensa nalgúns personaxes que che gustaría que aparecesen nun conto. Despois escríbeos no teu caderno:

personaxes reais	personaxes fantásticas	animais
...	...	...

27 Pensa e escribe no teu caderno unha idea orixinal ou un feito extraordinario. Inventa unha solución para o problema.

28 Agora escribe un conto a partir das actividades anteriores. Non esquezas ningún dos pasos. Podes facelo no ordenador.

88 Tema 7

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	2 O trasno	Facer o máximo número de palabras posibles cunha serie de sílabas separadas e mesturadas.
	3 O trasno	Aplicar a eficacia lectora nunha serie de palabras que teñen unha liña na súa zona central.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Lingüística	Empregar a lingua de forma oral e escrita con corrección e limpeza.	Escribir que problemas podería ter en certos ámbitos unha nena que se volveu invisible con corrección e limpeza. Act. 25. Redactar unha historia cun problema e a súa resolución usando unha estrutura correcta e sen cometer erros gramaticais. Act. 27.
Conciencia e expresións culturais	Valorar as obras literarias e outras formas de manifestación cultural expresadas lingüisticamente.	Valorar a lectura como un medio de aprendizaxe e como un recurso de lecer persoal. *Lectura recomendada.*

[] Valid. 25/02/2017

O trasno das palabras

1 Le e completa o encrucillado no caderno:

1. Rapaza que atopou, xunto co seu irmán, unha casiña de chocolate.
2. Perdeuse no bosque porque os paxaros comeron as migallas de pan.
3. Ten sete compañeiros.
4. Ogro de cor verde. É o máis actual de todos.
5. Neno que nunca medra.



2 Nesta sopa de letras tes un revolto de sílabas. Escribe as palabras que se poden formar:



3 **Eficacia lectora.** Le rapidamente estas palabras fixando a vista na liña central:

momento	deserto	teléfono
soldadiño	perdido	calcetíns
chumbo	rotuladores	floreiro
esquío	bolboreta	xoaniña
esquecer	bolígrafo	camelo
carpinteiro	maquinista	deporte

Lectura recomendada

Agustín FERNÁNDEZ PAZ: *A noite dos animais*. Vigo, Ed. Galaxia, 2005.

Raquel non sabe que o caderno chinés que lle regalou á súa tía ten propiedades máxicas. As sorpresas inesperadas que nos trae telas que descubrir coa lectura deste libro.

3. Brancaneves
4. Shrek
5. Peter Pan

2. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– peras
– laxas
– piñóns
– améndoa
– faro
– limóns

3. As palabras por liña son:

– Momento, soldadiño, chumbo, esquío, esquecer, carpinteiro.
– Deserto, perdido, rotuladores, bolboreta, bolígrafo, maquinista
– Teléfono, calcetíns, floreiro, xoaniña, camelo, deporte.

Lectura recomendada

Proporémoslle esta lectura ao alumnado para seguir traballando a valoración da literatura como medio de comunicación, de lecer e de adquisición de coñecemento.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/737665 - Este recurso permítenos facer máis encrucillados de forma divertida e que o alumnado pode ir facendo pedindo pistas e tamén pode autocorrixirse.

Pedirémoslles que fagan dous ou tres e logo pedirémoslles que elixan outros personaxes de contos como no encrucillado da dobre páxina e que llo dean a resolver a outro neno ou nena. Así todos os nenos e nenas terán que resolver o encrucillado feito por un compañeiro ou compañeira.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Aprendín* traballaremos os seguintes contidos:

- Compleción de oracións con determinantes posesivos.
- Compleción de palabras con –mp- e –mb-.
- Substitución de estranxeirismos pola forma equivalente galega.
- Realización correcta dun ditado.

■ No apartado *Avalío as miñas competencias* traballaremos os seguintes contidos:

- Investigar a vida de Hans Christian Andersen para contestar preguntas sobre ela.
- Cálculos sinxelos sobre a idade e datas de nacementos e morte de Andersen.
- Investigación sobre a bibliografía de Andersen na Internet.

Solucións das actividades

Aprendín

1. As oracións completas quedan así:

– Mañá virán os meus curmáns xogar comigo.

– A túa cadela aínda non é moi grande

– Como se chama o teu mestre ou a túa mestra?

– Esta chaqueta é miña, se queres xa cha deixarei mañá.

– A súa escola chámase Vagalume.

– Os nosos avós conséntennos moito, sempre nos mercan todo o que queremos.

2. As oracións quedan do seguinte xeito:

– empanada / combinado / invisible / cambio / envase

– chumbo / convidar / combate / empresa / vampiro

– invitación / sombreiro / trompeta / inverno/ comparar

– tranvía / benvida / campo / campá / investir

3. As palabras galegas son:

– restaurante de comida rápida

Aprendín

1 Completa as seguintes oracións no teu caderno con determinantes posesivos:

– Mañá virán … curmáns xogar comigo.
– A … cadela aínda non é moi grande.
– Como se chama o … mestre ou a … mestra?
– Esta chaqueta é …, se queres xa cha deixarei mañá.
– A … escola chámase Vagalume.
– Os … avós conséntennos moito, sempre nos mercan todo o que queremos.

2 Completa as seguintes palabras con **-mp-**, **-mb-** ou **-nv-**. Faino no teu caderno:

• e…anada	• chu…o	• i…itación	• tra…ía
• co…idado	• co…idar	• so…reiro	• be…ida
• i…isible	• co…ate	• tro…eta	• ca…o
• ca…io	• e…resa	• i…erno	• ca…á
• e…ase	• va…iro	• co…arar	• i…estir

3 Copia as seguintes oracións no teu caderno e substitúe os estranxeirismos pola palabra equivalente en galego:

– Non tiñamos tempo e comemos unha pizza nun fast food.
– Merquei un compact disc de segunda man.
– Pedirei unha bebida light para non engordar.
– Estou a ler o último best seller do meu escritor favorito.
– O match da vindeira semana comezará ás oito.

Ditado

Antes de **anoitecer**, **Berta dirixiuse** ao lago, para darse o último baño.

A calor era sufocante e só co último **mergullo** víase capaz de superar a **agobiante** noite que lle **esperaba**.

A auga do lago, tranquila e **pacífica**, parecía un enorme cristal que deixaba **entrever** os seus encantos máis profundos.

90 Tema 7

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	Ditado	Preparar e escribir un ditado con corrección fixándose nas posibles dificultades gramaticais.
Lóxico-matemática	2 Avalío	Facer cálculos sinxelos sobre os anos que hai que naceu, morreu e cantos anos tería Andersen neste momento.
Lingüística	1 Avalío	Responder de forma oral preguntas sobre a vida de Hans Christian Andersen.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Lingüística	Coñecer as normas ortográficas da lingua.	Completar palabras cos grupos –mp-, -mb- ou –nv- segundo corresponda. Act. 2 Aprendín.
Dixital	Consultar de forma correcta e efectiva recursos da Internet.	Investigar na Internet que figura están vendo nunha imaxe, así como diversos datos sobre ela, como o seu peso, cando se fixo, canto mide, onde está localizada, etc. Act. 5 *Avalío as miñas competencias.*

[] Valid. 25/02/2017

Avalío as miñas competencias

1 Indaga sobre a vida de Hans Christian Andersen e responde as seguintes preguntas no teu caderno:

En que ano naceu? | Que clase de libros escribiu? | Cando morreu?

2 A partir da información da actividade anterior, calcula no teu caderno:

– Cantos anos hai que naceu H.C. Andersen?
– Cantos anos hai que morreu H.C. Andersen?
– Se vivise agora, cantos anos tería?

3 Hans Christian Andersen foi autor de moitos contos que hoxe coñecemos. De cal destes contos foi autor?



4 Busca que contos escribiu Andersen e di cal che gusta máis? Xustifica a túa resposta.

5 Observa a seguinte escultura e contesta as preguntas. Busca na Internet para coñecer os datos:



– En que conto se inspirou o escultor Edvard Riksen para facer esta escultura?
– Cal é o seu nome?
– Onde se atopa?
– De que material está feita a escultura?
– Canto mide?
– Canto pesa a escultura?
– En que ano a esculpiu?

Tema 7 91

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/737666 - Veremos este vídeo onde se nos amosan algunhas das estatuas máis famosas de todo o mundo.

Faremos un exercicio similar ao da dobre páxina. O alumnado porase por parellas, elixirán a estatua que queiran e farán unha ficha sobre ela, poñendo datos como cando se fixo, onde está, canto mide e canto pesa, etc.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– disco compacto
– baixa en calorías
– éxito mundial
– partido

Ditado

Finalmente, o alumnado realizará un ditado.

Avalío as miñas competencias

1. Actividade pesoal. A modo de exemplo:

– Hans Christian Andersen naceu o 2 de abril de 1805.
– Escribiu libros infantís, pero tamén novela, teatro, etc.
– Morreu o 4 de agosto de 1875.

2. As respostas son:

– Andersen naceu hai 210 anos.
– Andersen morreu hai 140 anos.
– Se vivise, Anderse agora tería 210 anos.

3. A resposta é:

– Andersen escribiu o conto a (O parruliño feo) e o c (A vendedora de mistos).

4. Actividade persoal.

5. Actividade persoal. A modo de exemplo:

– Esta figura está inspirada na sereíña de Andersen.
– A escultura chámase a sereíña de Copenaghe .
– Está en Copenaghe.
– A sereíña está feita con bronce.
– A escultura mide 1,25 metros.
– A escultura pesa 175 quilogramos.
– Foi esculpida no ano 1913.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/41791	https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1291198233/contido/MBGUAI/ortografi_a.html
http://www.tiching.com/729264	http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfoloxia/posesivo.htm
http://www.tiching.com/737663	https://www.google.es/search?q=mart%C3%ADn+de+la+puente&biw=1440&bih=811&tbm=isch&tbo=u&source=univ&sa=X&ved=0CB8QsARqFQoTCIuZ3dW_IMkCFULVGgodvxYMMg
http://www.tiching.com/737664	https://galegoenzadar.wordpress.com/2015/01/22/os-estranxeirismos/
http://www.tiching.com/737665	http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pasatempos/cruzas/encru.html
http://www.tiching.com/737666	https://www.youtube.com/watch?v=azuNwJIG6vw

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES